





 FÓRA DE JOGO

*Edición:* Helena Pérez  
*Deseño da cuberta e interiores:* Miguel A. Vigo  
*Maquetación:* Helena Pérez  
*Montaxe fotográfica da cuberta:* Daniel Puente Bello (DNL)  
*Produción:* Antón Pérez

1ª edición: abril, 2015

© Agustín Fernández Paz, 2015  
© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2015  
Dr. Marañón, 12. 36211 VIGO

xerais@xerais.es  
<http://www.xerais.gal>  
<http://blog.xerais.es>


ISBN: 978-84-9914-838-0  
Depósito legal: VG 153-2015

*Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.*

 FÓRA DE XOGO

# A neve interminable

**Agustín Fernández Paz**

 XERAIS



Chegou a mañá, e foise, e chegou, e non trouxo o día canda ela, e os homes esqueceron as súas paixóns ante o terror desta desolación; e os corazóns conxeláronse nunha pregaría egoísta que imploraba a luz.

Lord Byron: *Darkness* (1816)

Si, os xornais estaban no certo: nevaba en toda Irlanda. A neve caía en todas as partes da escura chaira central e nos outeiros sen árbores, caía lene sobre as dunas de Allen e, máis ao Oeste, lene caía sobre as sombrías e tumultuosas augas do Shannon. Caía tamén en todo o silandeiro cemiterio da lomba onde Michael Furey xacía enterrado. (...) A súa alma caía lenta na somnolencia mentres oía a neve que caía suave a través do universo e suave caía, coma no seu descenso final, sobre todos os vivos e sobre os mortos.

James Joyce: «Os mortos» (en *Dublineses*, 1914)





## A HORA DERRADEIRA

Que sentido ten escribir estas liñas? Nin sequera sei se haberá alguén que as lea no futuro. Por non saber, mesmo ignoro se veremos un futuro. Mais en algo teño que ocupar as inacabables horas do día para non deixarme arrastrar pola desesperación ou polo medo. Quen me dera saber o que sucede máis alá destas paredes, máis alá das montañas que cerran o horizonte, máis alá desta incesante ferverza de folerpas! Observo os meus compañeiros, confiados aínda nun imposible regreso á normalidade, e pregúntome canto tempo máis poderemos resistir. Por fortuna, a despensa contén unha boa cantidade de provisións e no soto hai leña dabonda para manter aceso o lume da cheminea durante algunhas semanas máis.

O día da nosa chegada a este lugar, e tamén os dous seguintes, tivemos un tempo seco. Moi frío,

pero seco. O sol de inverno apenas quentaba, tan só sentías o seu lene aloumiño nos lugares abrigados. Malia as baixas temperaturas, o ceo azul animábanos a saír fóra da casa e camiñar polos vieiros do arredor. O terceiro día o ceo foise enchendo de nubes negras que viñan de máis aló das montañas do oeste. Acabaron sendo tan mestas que, mesmo no mediodía, a escasa claridade lembraba as horas do crepúsculo. O aire viña tan frío que parecía furar a pel e penetrar ata a cana dos ósos. «É aire de neve», reiteraban as persoas coas que nos cruzabamos. Aire de neve!

Lembro ben a tarde en que caeron as primeiras folerpas. Todos os do equipo interrompemos a reunión e saímos ao exterior. Era unha ledicia observarlas descender mainamente, deixar que se nos pousasen nas mans coma delicados aloumiños e reparar na fina capa que comezaba a formarse arredor de nós. Unha nevada é un fenómeno frecuente, ben o sei, mais para min, que sempre vivín na beiramar, constituía un inesperado milagre, un agasallo que a vida me ofrecía.

Os primeiros días gustábame achegarme á fiestra e contemplar como toda a paisaxe se ía cubrindo de branco, como a neve borraba paseniño as cores de árbores e casas, de rochas e regatos, ao tempo que se esvaecían os contornos das cousas. Daquela aínda non sabiamos que a brancura que

se pousaba sobre nós non era máis que o comezo da gran nevarada que viría despois e nos illaría do mundo. E menos aínda podíamos sospeitar que, no decurso desta forzada incomunicación, nos ocorrerían os sucesos terribles que quero contar aquí. Uns feitos que foron tan reais coma as paredes deste cuarto en que escribo, tan reais coma a neve que cae e cae incesante sobre nós, coma se algún deus irado decidise sepultarnos para sempre.



**C**HÁMOME Alba Novo, teño trinta e seis anos e traballo como guionista de series para a televisión. A miña paixón pola imaxe comezou nos anos de instituto; alí tiven a fortuna de dar coas persoas axeitadas para guiar os meus primeiros pasos. Foi duro explicar na casa que non estudaría a carreira de Dereito, como mandaba a tradición familiar, e que desexaba matricularme en Comunicación Audiovisual. Os da universidade foron anos intensos e gozosos. Anos de descuberta, de amizades, de lecturas e conversas... e de filmes, incontables filmes que me desvelaban a complexidade da vida.

Cando rematei a carreira, tratei de abrireme camiño por múltiples vías, sempre difíciles e angostas. O meu propósito era dedicarme só ao cine, mais a feble industria do país non mo permitiu. Participei en dúas películas de escaso éxito, pero non xurdiu ningunha oportunidade máis. Chegáronme outras propostas, todas do ámbito da televisión, e nese medio foi onde acabei desen-

volvendo o meu labor. Trátase dun traballo menos creativo, imposible acadar nel a profundidade que só o cine nos permite. Na televisión é imprescindible saberse adaptar ás múltiples condicionantes dos índices de audiencia, hai que seguir as pautas ríxidas que impón a produtora e traballar case sempre a un ritmo frenético. Mais os salarios son elevados, e isto, nos tempos que corren, non é cousa de desprezar.

A primeiros de xaneiro, os da produtora Crocodilo Azul puxéronse en contacto comigo. Trátase dunha empresa nova, aínda non hai cinco anos que se creou, mais xa ten un prestixio consolidado. As súas series distínguense por teren guións máis elaborados, sen concesións a ese sector da audiencia que foxe de calquera dificultade. Coñecían o meu traballo na serie *Terras de Sangue*, que durara catro tempadas e acadara uns índices moi estimables, e querían contar comigo para o seu novo proxecto.

O proxecto perseguía a realización dunha serie moi distinta das actuais: un conxunto de trece episodios independentes, agrupados baixo o nome xenérico de *As fronteiras do medo*. A serie estaría orientada ao público adulto e nela «explorárianse os terrores presentes no mundo actual, fuxindo dos argumentos clásicos do xénero, esgotados desde unha perspectiva comercial minimamente existente», segundo figuraba no dossier que me enviaron.

Ofrecíanme o posto de coordinadora do equipo de guionistas, unha función que eu nunca desempeñara. O que se me pedía, nunha primeira fase, era o guión para un capítulo piloto e unha breve descrición do contido que terían os restantes capítulos. Aceptei sen dubidalo; o posto supoñía máis presión e unha responsabilidade maior, pero a oferta económica despexou todas as miñas dúbidas.

Tan só puxen unha condición, que aceptaron sen problema ningún. Como eu levaba tempo traballando no oficio e coñecía ben o mundo dos guionistas, esixín seleccionar as persoas que traballarían comigo. Decontado pensei en Diego e Irene. Eramos amigos desde os anos da facultade, cando pasabamos horas e horas ideando ambiciosos proxectos que o tempo se encargou de desbaratar. Vivían en parella desde había máis dun ano, e naquel momento non traballaban en proxecto ningún. E posuían unha calidade inestimable: encantábanlles as historias de medo e misterio, un xénero que nunca suscitara en min ningún interese especial.

Foi na súa casa, durante unha cea organizada para falarmos do proxecto, onde foron aparecendo outros nomes para completar o grupo. Ruth Zúñiga era moi boa, aseguráronme. Non precisaban dicirmo; malia os seus poucos anos, xa acadara unha certa sona entre a xente da profesión, sería un acerto integrala no equipo. A quen non coñecía de nada

era a outra persoa que me propuxeron: Miro de Castro, un profesor de literatura que ambicionaba ser escritor. Tiña escasa experiencia como guionista, pero viña de publicar un libro de relatos de terror que recibira críticas excelentes; seríanos útil para darlles un toque de orixinalidade aos argumentos. Aínda que barallamos outros nomes, decidín que cinco persoas serían suficientes. E, se a serie ía adiante e o precisabamos no futuro, sempre había a posibilidade de chamar algún dos nomes descartados.

Tras algunhas conversas telefónicas con Ruth e Miro de Castro, que me serviron para confirmar o seu interese e dispoñibilidade, decidín celebrar cos cinco unha primeira reunión para coñecérmonos mellor; nela expoñeríalles a miña visión do proxecto, escoitaría as súas suxestións, e mesmo podíamos fixar os criterios que guiarían o noso traballo.

Xa me referín antes ás presións que este oficio leva aparelladas. Non había día en que non recibise algunha chamada desde as oficinas do Crocodilo Azul, preguntándome pola marcha do proceso. Aparecera outra produtora italiana interesada en participar, Mamma Roma, mais non se decidirían mentres non se lles presentase algo concreto. Ou sexa, debía esquecerme da tranquilidade que pactamos, cumpría acurtar os prazos. Vinme na obriga de deseñar un método que nos permitise avanzar con rapidez e eficacia. E foi entón cando



se me ocorreu a idea de concentrármonos durante uns días nalgún lugar illado, onde poderíamos traballar sen que nada nos distraese.

Consulteino con Diego e Irene, que a consideraron unha idea excelente. E foron eles quen aventuraron unha solución: pasaran a ponte do 12 de outubro nun hostel pequeno e agradable, situado en Monteseiro, unha das parroquias do concello d'A Fonsagrada. «Hostal Providencia, ese é o nome. Só hai prados e bosques, e montes atravesados por unha chea de camiños. O lugar máis próximo é A Fonsagrada, que está a uns quince quilómetros. Máis illado, imposible!», informou Irene. «Por riba, cómese ben, as camas son cómodas e os prezos, moi razoables.»

Na reunión que mantivemos os cinco, a proposta acadou unha aceptación unánime. Diego encargouse de facer as reservas por teléfono, e cadaquén arranxou os seus asuntos particulares para deixar libres dúas semanas. Na mañá do 18 de xaneiro saímos da Coruña en dirección ao hostel. Fixemos a viaxe en dous coches, cos maleteiros cargados coma se fósemos ausentarnos durante un ano enteiro. A distancia non era excesiva, mais a sensación que eu tiña, a medida que nos internabamos na zona montañosa da provincia de Lugo, asemellábase máis a unha viaxe a algún lugar ignoto situado máis alá do tempo.

O sitio era tal como Diego e Irene o describiran: unha casa construída na aba dun outeiro de suave pendente, máis preto do cume que da base. Un río aló abaixo, discorrendo por un estreito val ocupado por terras de labor e prados dun verde intensísimo. Bosques de folla caduca que ocupaban a parte alta das ladeiras dos montes da contorna. E tan só dúas casas máis para humanizar o reducido val. Un lugar solitario, idóneo para afastármonos do boureo da cidade.

Tal como aventurara Diego, os hóspedes d'A Providencia eran escasos. Estabamos en temporada baixa; outros establecementos semellantes cerraban durante os meses máis fríos, este debía ser dos poucos que permanecían abertos. Tan só nas fins de semana aparecían algunhas persoas máis, case sempre afeccionados á pesca atraídos pola sona dos numerosos ríos que regan a comarca.

En realidade, só había tres hóspedes que podiamos considerar fixos. E, como soubemos despois, todos refuxiados alí por razóns moi semellantes ás nosas. Dúas eran mulleres novas, que formaban parella tanto na vida persoal como na profesional. Chamábanse Tania e Rebeca e tentaban gañar a vida coa escrita de textos teatrais. Xuntas ideaban e escribían as obras; tal como nos explicaron, cando